




# Concello da Coruña

Area / Unidade RR.HH PE0000 BMC	Documento 1081AI04EG	
Código de verificación  261Z 0M0H 3S1T 4L0X 0MWH	Expediente 108/2025/790	
	Data 22-04-2026	

## NOTA INFORMATIVA DA PUBLICACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN OS PROCESOS SELECTIVOS CONVOCADOS, POLA QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, PARA A SELECCIÓN DE DIVERSOS POSTOS DO SUBGRUPO A1

Coa finalidade de aclarar as dúbidas suscitadas por aspirantes a diversos procesos selectivos ao subgrupo A1 indícase que, por resolución do concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior, de data 12 de abril de 2023 aprobouse a modificación das bases xerais polas que se rexen os procesos selectivos convocados polo Concello da Coruña (BOP núm. 73. de 18/04/2023).

As bases xerais teñen por obxecto regular os procesos selectivos para o ingreso como persoal funcionario de carreira nos corpos e escalas do Concello da Coruña. Os procesos selectivos rexeranse polo establecido nas bases xerais e nas correspondentes bases específicas de cada convocatoria.

Segundo indica a base 4.12 a fase de oposición *“constará de dous exercicios: o primeiro exercicio consistirá nun exercicio tipo test que conterá unha parte teórica con 100 preguntas (máis 10 de reserva) e o segundo exercicio de carácter práctico consistirá en redactar un informe con proposta de resolución, de entre 3 a elixir. Neste último exercicio, os aspirantes poderán empregar textos legais non comentados”*.

Engade a base que *“En todos os exercicios descritos nos apartados anteriores, as preguntas tipo test terán catro respostas alternativas, sendo só unha correcta. As respostas incorrectas non puntuarán negativo. Todas as preguntas terán a mesma puntuación e para a superación do exercicio requirirase ter o 50% de respostas correctas”*.

En consecuencia, comunícase para o xeral coñecemento, que no exercicio práctico de referencia penderanse empregar textos legais non comentados.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

Xefatura de Sección de Selección e Formación  
María José Iglesias Berbia

Xefatura de Servizo de Recursos Humanos  
Ana Carricoba Engroba

Dirección de Área de Administración Xeral  
Manuel Ángel Jove Losada